

TODO É UN CONTO



Había unha vez un doutor que nunca tivera sorte na súa profesión. Un día decidiu poñer unha clínica para personaxes de contos, pois el nunca oíra falar de que existise ningunha. Isto que ides ver é o seu primei- ro día de traballo.

(No escenario están o doutor e unha enfermera. Entran os primeiros personaxes que son Hansel e Grettel).

Hansel e Grettel: ¡Bos días!

Todos: ¡Bos días!

Hansel: Eu son Hansel e ela Grettel, aínda que non sei se non será ó revés. Ela...

Grettel: Eu son Grettel e el Hansel.

Enfermeira I: ¿que vos trae por aquí?

Grettel: Como sabedes nós sómo-los personaxes do conto «A casiña de chocolate», e mire como témo-los dentes de tanto comer chocolate e caramelos.(ensinando os dentes negros)

Hansel: Nos o que queremos é que en vez de chocolate nos poñan chicles sen azucre ou caramelos «lai».

Grettel: Ou mesmo froitas: amorodos, cereixas...algo que axudara que os nosos dentiños estean máis saudables.....

Doutor: Isto non pode ser, con tanta froita pasarían a vida escagarrados e non poderíamos abri-lo conto; cheiraría que apestaría.(di apretando o nariz)

Enfermeira : Ademáis, doutor, vostede non pode facer nada por cambia-la casiña se é de chocolate e lambetadiñas ten que seguir sendo así . Só pode axudarlles dándolles un bo dentífrico e uns bos cepillos para que os apliquen con esmero.

Doutor: ¡Xusto! Iso é Ten razón a enfermeira. Deberedes lava-Ios dentes cada vez que comades unha lambetada iiii óchedes iiiiii.

Grettel: Ben doctor a ver se o conseguimos .Moi amable e gracias polos agasallos dos cepillos e a pasta para os dentes doutor.Moitas grazas.

Enfermeira :EHiiiiEHiiii Hai que pagar.

Grettel:iiiAhiiii Xa lle pagaremos cando teñámo-los dentes sen caries.

Doutor: Bueno,pois si que empezamos ben.....a isto chámolle eu unha boa inauguración.

(Entra Carapuchiña).

Carapuchiña: ¡Bos días!doutor .iiiAiiiiii (entrando moi fatigada)Veño que perdo o alentó, pois vin un lobo na outra banda do bosque, e non quero nin imaxina-lo que pasaría se me vise.Morro de medo só pensar no grande e peludo que é ,e eses dentes tan grandes e afiados.....

Enfermeira : Tranquila, muller, non vai pasar nada.

Carapuchiña: ¿Dis, que non vai pasar nada? Que pouco sabes. Duro neste mundo menos do que canta un galo. En canto me acerco ó bosque, vén o lobo e cómeme.

Doutor: E eu, ¿en que podo axudala?

Carapuchiña: Pois eu quería que me dese unha cremiña velenosa para dar polo corpo. Así, cando o lobo me fincase o dente, sería lobo morto.EHHH,EHHH,si pode ser (di como moi inocente e con cara de non romper nunca un plato) importarlle que tivese olor a fresa iiiiEncántanme as fresas e o seu olor tan frescoiii(di suspirando)

Doutor: E non lle parece a vostede que é moito pedir ¿????? Está ben...(pensativa.. vouche dar unha que ten algo de vele- no, pero non che aseguro nada.

Carapuchiña: Mire doutor, eu sonlle moi presumida e gustame moito estar morena e con tanto paseo vai paseo ben polo bosque e con tanta árbore case non vexo o sol e non consigo o bronceado ideal ¿non podería dar-me ademais unha que tivese un autobronceador? Así, ó mesmo tempo que mataba o lobo quedaba moreniña.

Doutor: ¡Vaia!, con esta Carapuchiña tan inocente como me parecía estoume dando conta de que é un pouco descarada e presumida. Ande tome tome a receita e sáqueseme de diante por que deseguro que me a pedir algo máis...

Enfermeira doctor pero Que nos pague antes. NoN???(di toda enfadada)

Carapuchiña: (Xa saíndo) Heille pagar cando o lobo morto SEXA LOBO MORTO.

(Entra Riciños de Ouro. Xa vén berrando).

Riciños de Ouro: ¡Ai!, doutor!, que problema tan grande teño, ando moi preocupadiña e é que estou engordando perigosamente.

Enfermeira : Ti es ,ti es espera que o adivine Riciños de Ouro, a do conto dos «Tres Osiños».

Riciños de Ouro: Sonche, muller, son. Resulta que cada vez que unha nena le o conto, eu teño que comer da comida dos tres osiños, e estou perdendo a miña fermosa figura e aínda que o intento e pòño-me a réxime xa estou comenzando a odiala ensalada síntome coma unha vaca mascando pasto todo o día ademais ando media irritada e levo tantos días a réxime que en vez de persoas só vexo racións.

Doutora: Eu o único que podo facer é darlle unhas pastillas laxantes, pero non lle aseguro que adelgace... Pois, se ten que comer tanto...

Riciños de Ouro: ¡Ai!, ¿non me asegura nada?; (cambia de actitude e moi irritada di berrando pois ha cobrar cando adelgace).

Enfermeira : Outra que se vai sen pagar.

(Entra Cincenta).

Cincenta: *(Tímidamente)* ¡Ola!, síntoo moito vir así, toda porca, pero eu son Cincenta.(di toda triste e apocada)

Enfermeira : Cincenta..., ipobre! Sente, sente.

Cincenta: ¡Ai!, DOUTOR estou desesperadiña teño as manciñas esfoladas de tanto fregar e fregar pero o peor de todo é que teño os peíños desfeitiños, cheos de chagas.Os meus callitosiiii(di laíandose)

Enfermeira : ¿E logo?

Cincenta: Resulta que o zapatiño que me traen a probar non é do meu número gasto un 38 pero case sempre me traen dous números menos, pero eu quero saír da miseria e meto o pé nel como podo.

Doutor Vouche dar un remedio caseiro, pois non tes pinta ti de ter cartos para a botica. Daraslle tódalas noites unhas fregas con mexo de rapaciño.

Cincenta: Gracias doutor, gustaríame pagarlle, pero ben ve que son unha pobre.

Doutor: Non se preocupe, vaia tranquila.

(Entra o lobo e todos berrán).

Todos: ¡Ai!, ¡ai!, ¡un lobo!

Lobo: *(Con tono grave)* Tranquilos, eu son o lobo do conto «A Carapuchiña Vermella» e estou programado para comer só Carapuchiñas. Os demais podedes estar tranquilos, eu son un bo colega.

Enfermeira : ¿Que o trae logo por aquí?

Lobo: Resulta que as Carapuchiñas de agora, xa non son coma as de antes. Antes eran bran- diñas e zumarentas, mesmo daba gusto cómelas. Agora con tanto actimel e bifidus activo por non decir dos danacoles ou omega trese ademais comen tanta fibra e fan tanta ximnaxia que non hai quen les crave o dente.Estanche duras coma petóns e xa non lle anda a miña dentamia para moitos esforzos.

Doutor: ¿ E Que quere que faga eu?

Lobo: Quero que vostede recomende na televisión, na prensa e nas súas conferencias que as Carapuchiñas coman papas de fariña de trigo, fariña de cinco cereais, unha boa taza de caldo iogures, e galletiñas das de sempre das maria etc. para que logo estean máis brandiñas.

Enfermeira : É vostede un pouco desvergonzado, ¿non lle parece? Marche de aquí agora mesmo iiiii(di toda enfadada) pero que nos pague antes.

Lobo: *(Facendo un xesto burlón coa man).* Tururú. Tururú

Enfermeira 1: ¡Vaia día que levamos! Non cobramos unha cadela.iii (di cada vez mais enfadada)

(Entra Brancaneves e os sete ananiños).

Brancaneves: ¿Pódese pasar? Son Brancaneves

Todos: Pasen, pasen.

Doutor E a vostedes ¿Que lles pasa?

Anano 1: Non e que escoitamos no bosque que había unha boa clínica para os persoaxes dos contos de sempre ,e que andaban a axudar os seus persoaxes e a nos...e que ...e que non nos gusta como remata o noso conto.

Enfermeira : Pois a min paréceme que ten un final moi fermoso.

Brancaneves: A min tamén mo parece, pero eles din que non.

Anano 2: Non é xusto que nós acollamos na nosa casa a Brancaneves e que logo vaia ela e case co príncipe.

Anano1 Queremos desfacernos do príncipe, e que un de nós case con Brancaneves.

Enfermeira e Médico: ;Como?

Anano 2 El non se explicou ben, nós non queremos mata-lo príncipe, só queremos que Brancaneves non se vaia con el.e que quede con nós para sempre

Doutor: ¿E eu que podo facer?

Anano 1 Pódenos dar algo para medrar.Así Brancaneves poderá elixir cal dos sete lle gusta máis.Casar co que máis lle guste, e seguiremos vivindo todos xuntos.

Doutor:Ben ,ben ,ben Voulle dar unhas vitaminas, pero non creo que chegan a ser tan altos coma os príncipes.

Brancaneves: Pois eu non os quero nin un milímetro menos.

Anano 1: Non sexas mala Neviñas, que a altura non o é todo.

Anano 2: Non che vai faltar de nada.

Xa sabes canto te queremos.

Anano 1 *Anda veñaiiiii (Colle a receita). Gracias doutor. (Saen).*

Enfermeira 2: Estes xa non preguntan canto.EU FLIPO.....

(Entra a madrastra de Brancaneves coa cara tapada).

Madrasta: Entrei coa cara tapada porque acaba de saír Brancaneves e non quería que me recoñece- se. Eu son a madrastra de Brancaneves, este o meu espelliño máxico.

Enfermeira : ¿En que podemos servila señora?

Madrasta: Paréceme unha tolería, nos tempos que corren, ter que envelenar a Brancaneves. Para ser máis guapa ca ela só teño que someterme a unha operación de cirurxía plástica. Eu pensara nun cortiños por aquí doctor ¡¿Qué lle parece é un pequeno arregliño no nariz ,gustaríame tamén quitar un pouco de papadiña oín falar de algo que se pincha e que fai que teñas uns beizos moi hermosos .Ademais poñereime unhas lentillas de cor azul para que os meus ollos sexan da cor do mar e xa de pasoquiteme esta lorciña para que me senten mellor os vestidos e oín falar nas revistas do corazon das lipoesculturas e que quedas feita unha sílfide .Ben que lle parece???E cando

podería escomenzar???eu quería que vostede me fixese esa operación por supostísimo non se preocupe polos cartos que iso non é problema.

Doutor: (con cara de moi preocupado) Ben ben pareceume unha tolería iso de tanta operación e tanta transformación ,ben eu non podo operar pero si vou a tratar de axudala xa que creo que realmente vostde ten un problema eiiiiE GRAVEiiii o que dí o que **VOU A FACER E ENVIALA DE URXENCIA A UN SIQUIATRICO** (di gritando) para que alí lle axuden cunhas pócimas miragreiras e no que respecta o seu aspecto recetareille uns bos produtos de cosmética e verémo-lo que fan.Faremos un seguimento do tratamento e Quero vela en 15 días por aquí outra vez.

Madrasta: (*Colle a receita*). Gracias doutora. Cando sexa a muller máis guapa do mundo virei aquí, e non só lle pagarei, tamén lle darei propina.

(Sae).

Doutor: Vaia negocio!, non gañamos un patacón.

Enfermeira : (*e acaba de botar unha olla da fóra*). E i so non é o peor, o peor é que hai aí unha morea de rapaces en manifestación contra vostede.

(Entran os rapaces).

Rapaz 1: Doutor, ¿que lle fixo ós nosos contos? **Doutor:**iiiiEU NON FIXEN NADAiii

Rapaz2:¿Como que non? O lobo non pode comer a Carapuchiña. Os ananos non son ananos. Brancaneves non casa co príncipe. A madrastra converteuse nunha top model....

Rapaz1:¿Que lles fixo?, idiga! ¿Que lles fixo? ¿Onde están os nosos contos?

Doutor:Pero eu só intentaba axudar coma non hai ningunha clínica para persoaxes dos contos Eu pensei...que podería gañarme a vida así pero nin se quera consigo recaudar nin un centimo....

Rapaz 2: Pensei pensei....Vostede non ten que pensar nada (di toda enfadada), xa pensaron os escritores que fixeron os contos.

Rapaz 1: Total, ¿para que? Agora el quiere amolalos.

Doutor: Perdoade, eu...non era a miña intención

Narrador: Mentres discuten os rapaces co doutor van entrando os personaxes dos contos. Estes explícanlles ós nenos que o que acaban de ver é un conto máis, e que polo tanto non é verdade.

Esperamos que este relato lles gustase, e se é así non dubiden en recomendar- llelo ás súas amizades. *Gracias.*